



REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 24/02/2021 12:00:38
SAIDA 3388/21




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 8/2021

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 18 de xaneiro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de xaneiro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de acceso ao listado de achegas económicas directas extraordinarias aos orzamentos de cada centro docente público de educación primaria, secundaria obrigatoria e especial dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade realizadas para facer fronte a gastos de organización e funcionamento no curso 2020-21 derivados da COVID-19.

O reclamante indicaba que non tivo resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do seu DNI.

Segundo. Con data do 20 de xaneiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 8 de febreiro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade contesta a petición, informando que a Consellería realizou as xestións necesarias para que aos centros docentes públicos de titularidade da consellería de educación primaria, secundaria

obligatoria puideran dispoñer, ademais da dotación económica precisa para o seu funcionamento ordinario, da necesaria para afrontar os gastos derivados da pandemia da Covid-19. Acompaña o informe cunha relación dos centros afectados e o importe achegado desagregado por provincia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade non resolveu dentro do prazo ordinario dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que procede admitir a reclamación presentada con data do 18 de xaneiro de 2021..

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou á Consellería de Cultura, Educación e Universidade as achegas económicas directas extraordinarias aos orzamentos de cada centro docente público de educación primaria, secundaria obrigatoria e especial dependente desa Consellería, realizadas para facer fronte a gastos de organización e funcionamento no curso 2020-21 derivados da COVID-19.

A información solicitada, debe considerarse información pública, ao tratarse de contidos en poder da Consellería, obtidos ou elaborados no exercicio das súas funcións, tendo a petición de información a finalidade de coñecer os medios económicos públicos que se destinaron de forma extrarordinaria para a loita contra a pandemia provocada polo Covid-19.

A Consellería informa que dotou economicamente aos centros para afrontar os gastos derivados da pandemia da Covid-19, e acompaña unha relación na que afirma que figura os importes achegados a cada centro, desagregado por provincia. O certo é que na relación que envía a Consellería, figuran os centros, pero non a dotación económica desagregada (enténdese que se omitiu esa información por erro), sen que conste que a dita información se lle remitise ao solicitante. De acordo co anterior, procede estimar a reclamación presentada, debendo a Consellería, remitir ao solicitante a información completa sobre dotación económica a centros educativos de titularidade pública.

Debe lembrarse á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a súa obriga de resolver as solicitudes de acceso á información dentro do prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016 e a consideración do seu incumprimento reiterado como infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 18 de xaneiro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante a

Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de acceso ao listado de achegas económicas directas extraordinarias aos orzamentos dos centros docentes públicos realizadas para facer fronte a gastos de organización e funcionamento no curso 2020-21 derivados da COVID-19.

Segundo: Instar a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.02.24 11:35:39 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.